

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 7 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial, e se procede á súa convocatoria (IN220A).

BDNS (Identif.): 331970.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria no que o texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarias*

Asociacións de comerciantes, de ámbito superior ao municipal ou federacións sen fins de lucro, que desenvolvan actuacións para a revitalización do comercio de proximidade e incentivación da demanda comercial, a través de fórmulas conxuntas e integrais que superen a capacidade de actuación das asociacións de comerciantes de ámbito municipal.

Segundo. *Obxecto*

Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, de ámbito superior ao municipal, ou federacións, para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente na convocatoria.

Cuarto. *Importe*

Destínase un total de 500.000 € na aplicación orzamentaria 09.30.751A.781.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, que contará a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

